

PREGO TÉCNICO

Artigo 10.2.c) do Decreto 229/2020, do 17 do decembro, polo que se desenvolve o réxime de concertos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

ASIGNACIÓN DE CONCERTO SOCIAL DE ADOPCIÓNS ESPECIAIS (código de procedemento BS*)**

1. OBXECTO DO CONCERTO

O obxecto do concerto é o desenvolvemento do programa de adopcións especiais en Galicia.

O obxectivo xeral do programa é promover a adopción de nenos, nenas e adolescentes (en adiante NNA) tutelados pola Xunta de Galicia que polas súas características teñen máis dificultade para poder exercer o seu dereito a vivir en familia.

Os obxectivos específicos que se pretende acadar son:

- Dar a coñecer e sensibilizar a sociedade acerca dos NNA que necesitan unha familia adoptiva.
- Formar ás persoas dispostas a adoptar NNA con dificultades especiais.
- Apoiar ás familias e os NNA, no proceso de integración adoptiva para o establecemento e a consolidación dun vínculo de apego reparador.

2. ÁMBITO DE EXECUCIÓN DO CONCERTO

O servizo prestarase en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

3. PERSOAS DESTINATARIAS DO PROGRAMA

Son persoas destinatarias do programa:

- As persoas menores de idade tuteladas pola Xunta de Galicia que, polas súas características, teñen máis dificultade para seren adoptadas. A consideración das características especiais determinantes da inclusión das persoas menores neste programa quedará ao criterio do equipo técnico do menor (en adiante ETM) correspondente, podendo en todo caso citarse: adolescentes, grupos de tres ou máis irmáns, NNA con discapacidade ou enfermidade, e en xeral aqueles que presenten calquera outra característica que poida dificultar a adopción.

Enténdese por persoas menores con características especiais aqueles NNA para os que existe



unha maior dificultade de atopar unha familia no programa ordinario de adopción. As situacións que poden afectar aos NNA, son:

- a) Ser maior de oito anos.
 - b) Pertencer a un grupo de tres ou mais irmáns.
 - c) Padecer algunha enfermidade crónica, ter discapacidade física, psíquica ou sensorial.
 - d) Presentar outras características distintas das anteriores que poden condicionar igualmente a adopción.
 - e) Estar inmerso nun proceso de adopción aberta.
- As persoas que se ofrecen para a adopción ou iniciaron un proceso adoptivo e presentan dispoñibilidade para asumir unha adopción especial.
 - A sociedade galega en xeral, a través das campañas de sensibilización.

4. CONTIDO DO SERVIZO

O contido do presente concerto comprende a sensibilización, captación, información e preparación das familias, así como o acompañamento técnico ás familias e aos NNA durante o período de garda con fins de adopción e os seguimentos das correspondentes integracións.

As actuacións que deberá realizar a entidade adxudicataria comprende:

1. Desenvolver accións de sensibilización, captación e difusión social do programa e a captación de novas familias que aínda non estean incorporadas ao circuíto da adopción.

A entidade adxudicataria levará a cabo campañas de difusión e sensibilización acerca da necesidade de familias adoptivas para NNA con especiais dificultades, e dará a coñecer o programa e as posibilidades que ofrece para axudar ás familias no proceso.

As actividades de sensibilización e difusión poderán realizarse mediante o emprego dos medios de comunicación (prensa escrita, radio, televisión, internet-web, redes sociais-), distribución de folletos e carteis, charlas a colectivos e asociacións, información a axentes dinamizadores, sesións informativas específicas para familias, etc.

En todo tipo de material ou acción divulgativa que se leve a cabo, sinalarase expresamente que se trata dun programa da Xunta de Galicia, e farase figurar o seu anagrama. Todos os materiais que se empreguen deberán contar coa aprobación previa da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

2. Realizar actividades de información e formación e preparación dirixidas a familias con dispoñibilidade para adoptar NNA con necesidades especiais. Esta formación será específica para a adopción de NNA con estas características, e polo tanto será



complementaria e posterior á levada a cabo polos equipos de adopción da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A formación deberá abordar como mínimo os aspectos seguintes:

- Necesidades específicas dos NNA segundo as características que determinan a súa inclusión no programa: adolescentes, grupos de irmáns, persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, persoas con enfermidades crónicas.
- Implicacións das diferenzas e tratamento educativo destas.
- Dificultades do proceso de integración adoptiva de NNA con estas características.
- Recursos para o afrontamento e resposta ás devanditas necesidades e que contribúan a facilitar o proceso adoptivo.
- A importancia de manter a relación dos NNA coa familia de orixe (nas adopcións abertas).

Os contidos formativos deberán ser aprobados previamente pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica. A metodoloxía deberá facilitar a participación e a asimilación práctica dos contidos. En canto aos lugares e horarios nos que se desenvolva, deberán facilitar a asistencia ás persoas interesadas.

A entidade adxudicataria remitiralle ao ETM correspondente un informe valorativo daqueles núcleos familiares que decidan continuar avanzando no proceso de adopción especial.

3. Propoñer a selección da familia máis adecuada, de entre as incluídas no programa e declaradas idóneas para a adopción, para un determinado NNA ou grupo de irmáns susceptibles de adopción e derivados polo equipo técnico do menor.
4. Colaborar co ETM na elaboración do plan de integración onde é o ETM o responsable da súa execución.
5. Prestar apoio, asesoramento e acompañamento individualizado ás familias no proceso de adopción. Prestarase tanto ás familias que inicien a convivencia adoptiva estando xa incluídas no programa como a aquelas outras que, non estando incluídas anteriormente no programa, sexan derivadas polos ETM por presentar problemas de convivencia ou preverse especiais dificultades de integración.

Sempre que a duración do concerto o permita, o acompañamento manterase durante un mínimo de dous anos. Unha vez finalizado poderá volver ampliarse se xurdisen novos problemas ou dificultades na integración.

Durante esta fase a entidade adxudicataria remitirá aos ETM un informe de seguimento aos 2, 6, 12, 18 e 24 meses desde o inicio da convivencia, ademais dos que procedan con carácter puntual se se producen incidencias relevantes. Estes informes deberán elaborarse de conformidade co anexo IX- MODELO DOS INFORMES DE INICIO,



SEGUIMIENTO E FINALIZACIÓN , e coas prescricións que determinen os Departamentos Territoriais, e/ou a Dirección Xeral de Familia, Infancia y Dinamización Demográfica, achegando así mesmo os documentos que se requiran complementariamente.

6. Remitirlle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, con carácter trimestral, a relación de casos atendidos na fase formativa, na fase de preparación do NNA e axuste/integración da familia. Especificar a relación de familias en caso de adopcións abertas por provincias (anexo IV-Relación de casos atendidos).

7. Remitirlle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, con carácter trimestral, unha memoria do desenvolvemento do programa no que se farán constar os seguintes datos:

- Persoal técnico.
- Ámbito territorial e período de execución.
- Accións realizadas distribuídas segundo as diferentes fases establecidas no concerto social:
 - Fase de sensibilización, difusión e captación: indicar as accións levadas a cabo, cuantificadas segundo a súa tipoloxía, público destinatario, medios empregados (redes sociais, páxina web, prensa escrita, radio, tv, xornadas, etc.) e impacto alcanzado.
 - Fase informativa: indicar as accións levadas a cabo desagregando por sexo, ámbito territorial e tipoloxía (individual/grupal). N.º de solicitantes de información, data da solicitude e data e modo en que se proporcionou a información.
 - Fase formativa: indicar as accións levadas a cabo desagregando por sexo, ámbito territorial e n.º horas/sesións. N.º de derivacións recibidas polo ETM.
 - Fase de colaboración na valoración psicosocial e declaración de idoneidade: n.º de informes realizados, n.º casos atendidos desagregados por: familias, sexo e Departamentos Territoriais.
 - Fase de preparación do NNA e axuste/integración en familia: n.º de derivacións dos NNA recibidas, n.º integracións (desagregando NNA e familias por Departamento Territorial) e n.º de propostas de selección de familias.
 - Fase de colaboración co seguimento e apoio á adopción: n.º seguimentos realizados (desagregando NNA e familias por Departamento Territorial), n.º de seguimentos realizados nos procedementos de adopcións abertas, n.º de informes realizados (diferenciar informes de seguimento e finais por Departamentos Territoriais).

8. Remitirlle á Dirección Xeral de Familia, Infancia y Dinamización Demográfica, con carácter anual, unha memoria do desenvolvemento do programa na que se farán constar os seguintes indicadores, que se terán en conta á hora de avaliar a efectividade do programa:

- Actividades de difusión levadas a cabo, cuantificadas segundo a súa tipoloxía. Público destinatario, redes sociais participadas.
- Actividades formativas realizadas, número e perfil de persoas destinatarias.
- Familias e NNA atendidos, novas incorporacións e baixas no programa ao longo do ano. Perfil dos NNA segundo a súa idade, sexo e as características que determinaron a súa inclusión no programa (grupo de irmáns, discapacidade, enfermidade crónica, etc.) No caso das baixas, ademais, motivo da baixa: finalización da necesidade de intervención, abandono, ruptura na integración, etc.



- Número de integracións iniciadas por parte das familias e/ou NNA incluídos no programa.
- Actividades de integración e acompañamento realizadas.
- Recursos persoais e materiais empregados.
- Grao no que se acadaron os obxectivos formulados ao principio do tratamento, con xustificación dos criterios de valoración empregados.

5. FASES DE EXECUCIÓN DO PROGRAMA

1. Fase de sensibilización, difusión e captación

Obxectivos:

- Dar a coñecer na poboación xeral a medida de protección de adopción especial.
- Proporcionar coñecemento á poboación sobre as dificultades dos NNA que están no sistema de protección e as súas necesidades.
- Sensibilización das familias sobre o seu papel como elemento necesario para a integración familiar dos NNA en situación de risco ou desprotección.
- Conseguir a incorporación de familias no programa obxecto do concerto.

Metodoloxía

- A entidade adxudicataria deberá destinar un mínimo do custo total do concerto para a realización de accións de difusión e captación de familias adoptivas e que deberá reflectirse na memoria anual.
- A entidade adxudicataria deberá presentar o plan de sensibilización e captación que deberá ser aprobado pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e desenvolverase durante toda a vixencia do concerto.
- O deseño das actuacións estará centrado no interese superior do NNA e nas características e necesidades dos NNA que se benefician do programa de adopcións especiais.
- As accións de difusión deberán cumprir os seguintes requisitos:
 - Deberán transmitir mensaxes que resalten as necesidades dos NNA e as capacidades das familias para a satisfacción das devanditas necesidades.
 - As mensaxes han de ser sinxelas e claras, sen ocultar as dificultades.
 - Deberanse utilizar todos aqueles medios que poden ser óptimos e rendibles para a difusión dos programas, incidindo en colectivos sociais vinculados á infancia.



- Deberán facer constar en toda acción que leven a cabo que o programa de adopcións especiais é un programa promovido pola Xunta de Galicia.
- A entidade adxudicataria facilitará unha páxina web na que se reflecta o contido do programa.
- Deberá difundir material gráfico sobre o programa de forma directa ou mediante envío a persoas interesadas e institucións, incidindo especialmente en colectivos sociais e profesionais vinculados á infancia.
- Desenvolver sesións informativas polo menos con carácter bimensual dirixidas a persoas ou familias interesadas, así como profesionais de diferentes ámbitos relacionados coa infancia e as familias.
- Promover á implicación das propias familias na difusión das campañas deste programa, promovendo sinerxías entre elas.

2. Fase informativa

Esta fase ten unha finalidade auto selectiva para o inicio do proceso adoptivo.

Obxectivos:

Facilitar ás persoas interesadas, información xeral sobre o programa de adopcións especiais e as medidas de protección da Comunidade Autónoma.

Informar sobre os aspectos legais, obxectivos e características do programa, así como as funcións, dereitos e obrigacións das partes implicadas.

Metodoloxía.

As persoas interesadas poderán dirixirse á entidade adxudicataria ben de forma directa ou a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (Departamentos Territoriais).

A información deberá facilitarse mediante sesións grupais ou de forma individual, recomendándose que sexa no prazo mais breve posible.

Representantes da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e dos Departamentos Territoriais poderán participar nas sesións informativas que se celebren, se isto considérase necesario.

A entidade adxudicataria deberá:

- Facilitar ás persoas interesadas o material gráfico específico deste programa.
- Proporcionar información ás persoas e familias pertencentes ao programa de adopción.
- Levar un rexistro detallado de todos as persoas solicitantes de información e as incluídas no programa. Farase constar respecto a eles/as: información, data da solicitude e data e modo en que se proporcionou a información. O devandito rexistro deberá facilitarse á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica cada tres meses.
- Proporcionar ás persoas interesadas que se dirixiron de forma directa a esta fase do



programa a información necesaria para que tramiten un expediente de adopción na nosa Comunidade Autónoma.

3 . Fase formativa.

Unha vez realizada a sesión informativa, de continuar co seu interese por adoptar, pasarán a fase de formación específica, neste punto é preciso sinalar que as persoas que desexen acudir a dita formación específica, deberán ter completado a fase informativa e formativa que se require para iniciar un expediente de adopción en Galicia. E por tanto ter presentado o oportuno ofrecemento para a adopción ante o Departamento Territorial correspondente.

A finalidade desta fase é preparar especificamente ás persoas que se ofrecen para este tipo de adopcións.

Obxectivos:

- Facilitar ás persoas interesadas a maduración do seu ofrecemento e o axuste da súa demanda á realidade de forma que poidan valorar as súas propias expectativas, motivacións e capacidades.
- Desenvolver competencias nas familias para afrontar as necesidades dos NNA comprendendo a dinámica que deu lugar a situación destes.
- Dotalas de estratexias de afrontamento que lles permitan abordar con probabilidades de éxito as problemáticas que se poden presentar.
- Coñecer o papel da familia adoptiva e da familia biolóxica, para, no caso de ser posible e necesario, situar en contexto as necesidades do NNA.
- Coñecer as competencias e funcións do persoal técnico, tanto dos servizos de protección (ETM) como da entidade adxudicataria.
- De proceder, preparar á familia e ao NNA para o cesamento da garda con fins de adopción, e establecer as pautas necesarias para unha boa despedida, no caso de darse.

Metodoloxía:

Accións formativas grupais de acordo cun programa de formación, cuxos contidos abordarán como mínimo os aspectos seguintes:

- As expectativas cara a adopción
- A motivación para a adopción.
- O axuste e adaptación no proceso adoptivo.
- A creación do vínculo afectivo.
- O tratamento da historia persoal.
- A comunicación e as orixes na adopción.
- Historia de abandono e recoñecemento do dano.



A formación responderá a un modelo interactivo e participativo entre os membros do grupo. Desenvolverase co obxectivo de proporcionar ás persoas solicitantes mecanismos de reflexión sobre a súa decisión e realizarase con carácter previo á fase final de valoración da idoneidade.

En todo caso a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá introducir modificacións no programa de formación ou impartir instrucións sobre o seu contido.

A entidade adxudicataria deberá:

- Admitir nos cursos de formación unicamente aquelas persoas que reciben información na fase previa e formulasen solicitude escrita de participación no programa o que dará lugar á apertura do correspondente expediente nos Servizos dos Departamentos Territoriais de Protección de Menores.
- Realizar unha información e formación expresa destinada a persoas e/ou familias derivadas pola administración polo seu interese en iniciar o proceso de adopción especial.
- Esta circunstancia acreditarase mediante o rexistro das persoas solicitantes de información que debe levar a entidade adxudicataria, ao que se fixo referencia no apartado relativo a información e recollerá as datas de solicitude e de derivación.
- Organizar as sesións grupais procurando que estean formadas por un número non maior de oito persoas. Se non fose posible alcanzar ese número, poderanse incorporar á sesión familias adoptantes, ao obxecto de potenciar o funcionamento do novo grupo e crear sinerxías entre eles/as. Debendo diferenciar a formación entre familias idóneas e familias aínda sen valorar.

Se as persoas que se ofrecen para a adopción fosen parella requirirase en todo o proceso formativo a presenza activa dos dous membros da parella e só poderán ausentarse por un máximo dun 15% do total do tempo formativo por causa xustificada, sendo a entidade adxudicataria a que lles proporcionará os materiais que poidan completar as sesións que non recibiron.

A formación terá unha duración mínima de 12 horas distribuídas en catro sesións cunha duración de polo menos tres horas cada unha.

Unha vez concluída a fase de formación, entregarase as persoas solicitantes a certificación acreditativa de efectuar a fase formativa na que conste número de horas e sesións desenvolvidas. Esta certificación deberá facilitarse tamén á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Dado que o obxectivo da adopción é proporcionar ao NNA un fogar alternativo estable con figuras adultas que asuman o rol parental de xeito total e definitivo, os requisitos e variables a ter en conta considéranse comúns aos programas de adopción nacional e internacional, polo que será posible simultanear a permanencia neles.

4. Fase de Colaboración na valoración psicosocial e declaración de idoneidade.

Obxectivos:

Os Equipos Técnicos dos Departamentos Territoriais (ETM) determinarán a idoneidade das familias para a adopción especial, en función das súas características e competencias.



Enténdese por idoneidade a capacidade, aptitude, expectativas e motivación axeitadas para exercer a responsabilidade parental atendendo ás necesidades do NNA e para asumir as peculiaridades, consecuencias e responsabilidade que comporta a adopción.

Esta fase ten por obxectivo asegurar e garantir a capacidade das persoas que se ofrecen para a adopción, así como responder e atender as necesidades físicas, emocionais, sociais e educativas dos NNA que poden ser propostos para a adopción.

Estudar e valorar os apoios que se poden necesitar para realizar con garantías a adopción.

Metodoloxía:

Unha vez que se emitiu o certificado de formación por parte da entidade adxudicataria, propoñerá ao Departamento Territorial, o paso da familia á fase de valoración da idoneidade, para que os Equipos Técnicos dos Departamentos Territoriais (ETM) procedan coa valoración da idoneidade.

A entidade adxudicataria emitirá un informe do núcleo familiar que será considerado polo ETM no proceso de valoración de idoneidade.

A intervención profesional da entidade adxudicataria, centrarase en lograr un coñecemento real das condicións, competencias e aptitudes das persoas solicitantes para a atención das necesidades que presentan os NNA aos que se dirixe este programa, así como os apoios necesarios para fortalecer as persoas solicitantes. Neste sentido, enténdese por competencia a capacidade, as estratexias educativas e a motivación adecuadas para exercer a responsabilidade parental atendendo ás necesidades específicas do NNA a adoptar, así como das consecuencias e responsabilidades que iso comporta.

A entidade adxudicataria deberá dispoñer dun coñecemento fundamental sobre as características persoais das persoas solicitantes, motivacións, circunstancias socioeconómicas, competencias educativas, contorna familiar, social, actitudes e expectativas. Tendo presente que a valoración da idoneidade correspóndelle aos ETM das territoriais e que polo tanto non se deberá facer pasar ás familias por dous procesos valorativos, detallados, extensos en profundidade e exhaustivos.

Determinará a dispoñibilidade das familias respecto ao proxecto concreto, en función das características do NNA que poden e queren asumir, o seu proceso de información debe estar orientado a facer o prognóstico coa maior certeza posible.

Emitirán o correspondente informe valorativo, de conformidade co anexo VIII-MODELO DE INFORME VALORATIVO e coas prescricións que determinen os Departamentos Territoriais, e/ou a Dirección Xeral de Familia, Infancia y Dinamización Demográfica, achegando asemade os documentos que se requiran complementariamente.

Actualizarase o informe sobre a familia cando o Departamento Territorial correspondente o requira, mediante a realización dun informe complementario do primeiro. E informará ao Departamento Territorial correspondente das novas circunstancias das familias, no caso de sobreir incidencias.

As actuacións nesta fase deberán completarse nun breve espazo de tempo desde a derivación dunha familia. A declaración de idoneidade ten unha vixencia de 3 anos e produce unicamente o recoñecemento administrativo para poder recibir a unha persoa menor en adopción, pero en ningún caso implica un dereito á adopción.



De xurdir a imperiosa necesidade de dar prioridade á valoración de idoneidade dunha familia concreta, ante a existencia dun NNA que está a espera, esta valoración poderase realizar polo ETM da propia territorial á que pertence o NNA, aínda que a familia corresponda a outra territorial diferente se deste xeito se adianta a posibilidade de integración do NNA en familia.

5. Fase Preparación do NNA e axuste/integración en familia.

A Dirección Xeral de Familia, Infancia y Dinamización Demográfica, a través dos seus Departamentos Territoriais realizará á derivación dos NNA que se incluírán neste programa, acompañando un informe- proposta dos NNA obxecto da medida de protección.

Coa familia seleccionada e o NNA informado e conforme, iniciase a fase de integración na familia onde a persoa menor e a familia coñécense. Este proceso será planificado polo ETM do Departamento Territorial correspondente, onde o persoal técnico da entidade adxudicataria colaborará á demanda do ETM na preparación do NNA e no proceso de integración familiar.

Obxectivos (Preparación do NNA):

Facilitar a integración familiar e o óptimo desenvolvemento da adopción.

Axudar aos NNA para coñecer e integrar a súa historia, a súa situación actual e expresar os seus desexos.

Proporcionarlles información sobre as súas circunstancias familiares e os cambios que se producirán.

Ofrecer aos NNA un espazo de seguridade para elaborar e expresar as súas emocións e sentimentos, así como para resolver as súas dúbidas.

A preparación do NNA realizarase inicialmente no centro ou familia onde este se atope, colaborando a entidade adxudicataria co ETM, e cos responsables do seu coidado, complementando a protección ao menor que fose conveniente.

Obxectivos (Integración/Axuste):

- Adecuar as expectativas da familia ás características e necesidades do NNA que van adoptar.
- Adaptar a vida cotiá da familia para a incorporación das persoas menores.
- Favorecer no establecemento progresivo do coñecemento mutuo, a confianza e a seguridade necesaria para o inicio da convivencia.

Metodoloxía:

A entidade adxudicataria:

- Emitirá unha proposta de selección de familias para o NNA que se lle presente.



- A demanda do ETM do Departamento Territorial correspondente, colaborará na planificación e preparación do NNA para a adopción, en casos concretos.
- Será a encargada de realizar o seguimento e deberá coordinarse co ETM correspondente para evitar duplicidades e paralelismos nos contactos coas familias.
- Será a encargada de comunicar ao ETM do Departamento Territorial correspondente as incidencias que se produzan no proceso.

6. Fase de colaboración co seguimento e apoio da adopción.

Desde o momento no que o NNA convive coa familia adoptiva deberase realizar o seguimento particular para avaliar a integración na familia e en colaboración e contacto co ETM, apoiar e asesorar nas necesidades que se presenten, proporcionando información e apoio na obtención de servizos sociais, sanitarios, e educativos, así como outros recursos especializados que precisen.

Obxectivos:

- Valorar a evolución da integración do NNA en garda con fins de adopción.
- Detectar as necesidades dos NNA susceptibles de adopción e da familia que se ofrece para a adopción.
- Proporcionar soporte psicolóxico social e educativo ás familias que se ofrecen para a adopción e intervir a través de apoio en situacións de crises.
- Prestar a orientación necesaria para a evolución adecuada da garda con fins de adopción e da adopción propiamente dita.
- Participar a proposta dos ETM dos Departamentos Territoriais, nos procedementos de adopcións abertas que lles sexan presentados, de conformidade coas instrucións e circulares emitidas pola Dirección Xeral de Familia, Infancia y Dinamización Demográfica. O informe de seguimento que se realice das adopcións abertas seguirá o modelo recollido no anexo X-MODELO DOS INFORMES DE SEGUIMENTO DAS ADOPCIÓNS ABERTAS.

Metodoloxía:

A entidade adxudicataria elaborará o plan de seguimento da adopción que será aprobado polo ETM do Departamento Territorial correspondente e axustarase a periodicidade que se estableza previamente con este.

Este plan presentarse ao ETM do Departamento Territorial correspondente, o momento da incorporación do NNA á familia. O seguimento abordará unha avaliación individual do NNA, a evolución da súa relación coa familia biolóxica, (no caso de tratarse dunha adopción aberta), e a avaliación da convivencia na familia adoptiva.

A entidade adxudicataria comunicará ao Departamento Territorial correspondente calquera incidencia que se produza durante a garda con fins de adopción do NNA e levará a cabo en colaboración co ETM as intervencións especializadas que sexan precisas para atender de



forma adecuada ás problemáticas que se presenten.

Finalmente elaborará un informe sobre a evolución da integración do NNA, nun prazo de dous meses e posteriormente cantos informes que se requiran durante o período de garda con fins de adopción.

A entidade adxudicataria elaborará o informe final, de conformidade co anexo IX-MODELO DOS INFORMES DE INICIO, SEGUIMIENTO E FINALIZACIÓN, e complementado coa información e contidos solicitados para cada caso concreto polo ETM do Departamento Territorial correspondente.

6. MEDIOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO

A entidade adxudicataria porá a disposición do programa as instalacións, persoal e o equipamento necesarios para o seu correcto desenvolvemento.

Correrán a cargo da entidade adxudicataria todos os gastos de persoal, equipamento, mantemento, e en xeral todos os recursos materiais necesarios para levar a cabo as prestacións previstas neste concerto.

1. Instalacións e recursos materiais

A entidade adxudicataria deberá contar cun ou varios locais axeitados para a realización das actividades de formación e preparación de posibles adoptantes e para a realización de actividades de acompañamento individual, equipado co mobiliario, instalacións e medios materiais apropiados para o desenvolvemento do programa. As instalacións deberán manterse nas condicións de seguridade precisas, conforme ás disposicións legais vixentes.

2. Recursos humanos:

Os medios persoais necesarios para o funcionamento do servizo serán de contribución da entidade adxudicataria.

O persoal necesario organizarase en dous equipos técnicos. Cada equipo de intervención estará integrado como mínimo por 2 profesionais, dos cales, un/ha profesional contarán coa titulación de grao ou licenciatura en psicoloxía e un/ha profesional coa titulación de grao ou diplomatura en traballo social, ambos con formación e experiencia suficiente nos ámbitos da desprotección, o apego e o trauma. En cada equipo, un/ha profesional exercerá tamén de coordinador/a.

O persoal necesario para o desenvolvemento do programa, e en función do cal se calculan os módulos económicos, é o seguinte:

Numero efectivos	Categoría	Titulación	Tipo de contrato
2	Psicólogo/a	Grao/Lic. Psicoloxía	Xornada completa
2	Traballador/a social	Grao/Dip. Traballo social	Xornada completa



7. ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

Correspóndelle aos ETM dos servizos competentes na área de menores dos Departamentos Territoriais da Consellería de Política Social e Igualdade:

- Propoñer a inclusión e derivar as persoas usuarias do programa.
- Facilitarlle á entidade adxudicataria toda a información relevante relativa ás familias e NNA participantes no programa, de conformidade co principio de minimización do tratamento de datos recollido na normativa vixente en materia de protección de datos.

Así mesmo, no suposto de acceso da entidade adxudicataria aos datos de carácter persoal dos que sexa responsable a entidade pública, a entidade adxudicataria terá a consideración de encargada do tratamento, en virtude do establecido coa Disposición adicional vixésimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e demais normativa aplicable.

O equipo de intervención da entidade adxudicataria terá en todo caso o deber profesional de confidencialidade e sigilo, en relación a calquera información e/ou documentación que se poña á súa disposición por parte do ETM na execución deste programa.

A actuacións de posta a disposición e acceso á información e documentación dos expedientes dos NNA e das familias levaranse a cabo de conformidade coas directrices e instrucións da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Adolescencia.

- Realizar todas as actuacións administrativas relativas ás familias e aos NNA integrados no programa que de acordo coa súa competencia lle correspondan.
- Determinar a baixa no programa cando se estime que non constitúe un recurso axeitado para a situación do NNA.
- Supervisar as actuacións relativas ao desenvolvemento do programa.

Pola súa banda o equipo profesional encargado da execución deste programa será coordinado pola entidade adxudicataria, que deberá axustar as súas actuacións ás instrucións e protocolos ditados pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica .

Santiago de Compostela,

O Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

Jacobo José Rey Sastre
(asinado dixitalmente)

